Exercicios de reforzo ou apoio da unidade 13 sobre o proceso de transición á democracia, logros e limitacións.
(3ª avaliación, 3ª quincena)

1. Analiza a seguinte gráfica (Lembra que para comentar gráficas debes seguir tres pasos: describir o que ves, interpretar os datos e relacionar cos acontecementos)



Solución:
A gráfica explica os resultados en números totais de votos das eleccións xerais de 1977. Cada partido está representado por unha cor que mostra como se dividiría o Congreso, e que podemos abarcar dun só golpe de vista
Tamén nos ofrece a porcentaxe de participación dos españois: un 78% e a porcentaxe de abstencións: 22%.
Para comentar os resultados podemos observar antes que nada que os resultados favorecen á UCD que acadou 165 escanos, pero logra aproximadamente un 47% dos escanos cun 34% dos votos, e vai seguida do PSOE, que logra 118 escanos o que supón un 33,7% de escanos.
Pola contra os partidos con menor número de votos, son o PCE, que logra 20 escanos, un 9,2% e AP con 16 escanos, un 8%.
Os outros refírense a partidos como o PDC (Pacte Democrático de Catalunya) ou PNV (Partido Nacionalista Vasco).
O sistema de distribución de escanos, segundo a lei de Hondt é un sistema proporcional que favorece ás grandes formacións en prexuízo dos pequenos partidos. A excepción son os partidos nacionalistas, aos que se compensa por representar os intereses de comunidades concretas e por ver restrinxido o seu voto á súa comunidade autónoma.
Para interpretar os datos á luz dos acontecementos cabe destacar que o clima no que se celebraron estas primeiras eleccións era de tensión violenta a cargo dos sectores ultra, que se resistían á democratización do país, e tamén a algúns grupos da oposición histórica, que buscaban a autodeterminación.
A legalización do Partido Comunista fíxose tan só uns días antes das eleccións. A razón desta demora hai que buscala na forte oposición dos sectores franquistas e do exército á súa legalización.

2. Identifica as seguintes siglas, correspondentes a algúns dos partidos políticos da transición:
UCD/ PSOE/ AP/ CIU/ PNV/ PCE/ CC.OO/ UGT/ CNT

UCD:
Siglas de Unión de Centro Democrático, partido político creado en maio de 1977 baixo o liderado de Adolfo Suárez, agrupando a franquistas aperturistas e demócratas moderados. Foi o gañador das eleccións xerais de 1977 e 1979, pero as divisións internas e a súa ineficacia política e os malos resultados nas eleccións autonómicas levárono a unha crise que se converteu nunha forte derrota en 1982, xa sen Suárez, substituído por Calvo Sotelo. O partido desapareceu en 1983.

PSOE:
Siglas do Partido Socialista Obreiro Español. Baixo o liderado de Felipe González converteuse na segunda forza do país desde 1977, presentándose como moderado nas ideas, e cércano á socialdemocracia europea. Aproveitou a caída da UCD para se converter en 1982 no partido máis votado nas eleccións, que volvería gañar en anos sucesivos. O seu declive veu marcado pola crise económica dos anos noventa xunto a acusacións de corrupción, divisións internas e acoso do PP que lograría desbancalo en 1996. En 1997, González foi substituído por Almunia, e este substituído por Rodríguez Zapatero en 2000.

AP:
Siglas de Alianza Popular, partido fundado en 1976 por Fraga Iribarne agrupando a grupos políticos da dereita representantes dun limitado reformismo franquista. Nas primeiras convocatorias electorais, os seus resultados foron moi pobres, aínda que a desintegración de UCD permitiulle ser a principal forza de oposición, ao tempo que optaba por un ideario máis moderado. Tras unha breve crise interna, en 1989 deveu en Partido Popular, con José Mª Aznar como presidente.

CIU:
Siglas de Convergència i Uniò, coalición creada en 1978 pola unión de CDC e UDC, partidos catalanistas moderados. A coalición gañou as eleccións de 1980 en Cataluña, liderada por Jordi Pujol, que se mantería como presidente ata o 2003. En 1993 pactou co PSOE no goberno de España, e fixo o mesmo en 1996 co PP, quen pola súa parte lle prestou o seu apoio na Generalitat.

PNV:
Siglas do Partido Nacionalista Vasco, partido político creado en 1895 por Sabino Árana, nacionalista conservador. Tras a derrota da República foi declarado ilegal ata 1977. O seu triunfo nas eleccións municipais de 1979 converteuno en primeira forza do País Vasco, referendado polas súas victorias en eleccións autonómicas sucesivas. Deron o seu apoio ao PSOE en 1993 e ao PP en 1996 para posibilitar os seus respectivos gobernos.

PCE:
Siglas do Partido Comunista de España. Legalizado en 1977, o que causou gran rexeitamento por parte da extrema dereita e o exército, acatou a monarquía e renunciou ao seu ideario leninista baixo o liderado de Santiago Carrillo, o que propiciou divisións internas. Os resultados nas sucesivas eleccións desde 1977 foron baixos. En 1986, o PCE formou xunto a outros partidos progresistas a federación Esquerda Unida.

CC.OO
Siglas de Comisións Obreiras, agrupación sindical. Convertido nun dos principais sindicatos do país, viviu unha escisión en 1977 que non impediu que seguise contando con gran apoio da clase traballadora e que coincidiu coa súa institución como sindicato de estrutura federal e estreitamente vinculado ao PCE, ata os anos oitenta.

UGT
Siglas de Unión General de Trabajadores, organización sindical. Legalizada en 1977, tivo un desenvolvemento rápido, tanto que se converteu no principal sindicato xunto con CC.OO. Estreitamente vinculada ao PSOE, a fins dos oitenta distanciouse do partido e chegou a convocar unha folga xeral en 1988 en protesta pola política do goberno socialista. Estivo presidida por Nicolás Redondo Terreros ata 1994, ano en que o substituíu Cándido Méndez.

CNT
Siglas de Confederación Nacional del Trabajo, sindicato de filiación anarquista. Totalmente desintegrado tras a guerra civil, en 1975 foi reconstruído co apoio de novas xeracións de militantes e legalizado en 1977. Dividido entre renovadores e intransixentes, nunca volveu recuperar todo o apoio que tivo. En 1989 cambiou o seu nome polo de CXT

3. Sintetiza e razoa a resposta das seguintes preguntas:
3.1. Como se realizou a transición do franquismo á democracia? Que características presentaba a Constitución de 1978?
3.2. Que dificultades económicas e políticas tivo que afrontar o proceso de transición?
3.3. Que é o Estado das Autonomías? Como se construíu?

Solución
3.1. Como se realizou a transición do franquismo á democracia? Que características presentaba a Constitución de 1978?

A transición da ditadura á democracia realizouse mediante o consenso entre os grupos reformistas do franquismo e a oposición antifranquista, no seno do propio franquismo.
Tras a morte de Franco, o goberno de Arias Navarro, con Juan Carlos I como monarca, mostrouse incapaz de levar a cabo ningunha medida reformista a pesar dos desexos da maior parte do país.
A presión esixindo cambios coordinouse coa aparición de grupos unitarios de aposición (Junta Democrática, Plataforma de Convergencia Democrática, Platajunta, etc....) que se mobilizaron para conseguir a formación dun goberno provisional e a convocatoria dunhas eleccións xerais.
Nas rúas acentuouse a protesta social, baixo a forma de folgas e manifestacións ás que o goberno só sabía responder coa represión a cargo das forzas de orde.
No bando franquista, o sector inmobilista será desprazado polos reformistas, apoiados polo rei e liderados por Adolfo Suárez, quen contactou coa oposición antifranquista e impulsou a Lei de Reforma Política. Esta lei propugnaba a instauración dun Congreso de Deputados e un Senado elixidos por sufraxio universal, o que supoñía a convocatoria de eleccións con todos os partidos políticos, para que os propios cidadáns decidiran.
A cambio, para convencer a todo o franquismo, garantiuse ás familias políticas que non se esixirían responsabilidades aos responsables durante a ditadura, e que os comunistas seguirían sendo ilegais.

Os partidos da oposición tiveron que ceder en varios deste puntos, aínda que o PCE foi finalmente legalizado para poder celebrar as eleccións de xuño de 1977.
Tras as eleccións, nas que UCD de Suárez obtivo a victoria e o PSOE quedou como segunda forza política, decidiuse redactar unha Constitución, coa participación de membros das formacións políticas con representación parlamentaria.
A Constitución aprobada en 1978 contén unha ampla declaración de dereitos, o que conforma un réxime democrático, e a consideración de España como un estado unitario que recoñece o dereito á autonomía das rexións que a compoñen.
O texto declara a soberanía do pobo e establece o sufraxio universal, libre, directo e secreto. Así defende o pluralismo e a liberdade sindical. A forma política que adquire o Estado é a monarquía parlamentaria.

3.2. Que dificultades económicas e políticas tivo que afrontar o proceso de transición?

Os problemas políticos que tivo que afrontar o proceso da transición á democracia debéronse á necesidade de conciliar as demandas da oposición e da maioría dos españois coa persistencia de sectores inmobilistas no goberno franquista e pola ameaza de que o exercito decidira intervir.
Hai que sumar tamén as accións violentas dos ultras, remisos ao desmantelamento do franquismo, e de grupos terroristas como ETA, GRAPO ou FRAP, que aumentaron a tensión social e política.
Ademais a transición coincidiu cunha grave crise económica internacional iniciada en 1973 e que en España retardouse a solución polos problemas políticos e os cambios que se estaban facendo.
Situación internacional: en medio dunha crise do dólar, os xefes da OPEP decidiron cuadriplicar os prezos do petróleo, o que afectou a todos os países desenvolvidos, altamente dependentes deste combustible. O fenómeno agudizaríase con outra alza en 1979.
O ritmo do crecemento das exportacións diminuíu pola forte inflación. Sumado ao alto prezo do combustible, produciuse un déficit na balanza comercial, que só se sostivo pola devaluación da peseta, os ingresos do turismo e a inversión exterior.
En España, o sector industrial foi o mais afectado, por dous motivos:

- A grande cantidade de enerxía consumida resultou moito máis cara, o que fixo á industria nacional pouco competitiva.
- Os sectores que máis sufriron a crise foron precisamente aqueles nos que estaba especializada a industria española: siderurxia, bens de consumo, naval, etc.

Así subiu o paro, que chegou ao 10% en 1979, mentres a renda diminuíu especialmente nas zonas con industrias en recesión como Asturias, Cantabria, Cataluña, Madrid e sobre todo o País Vasco.
O goberno cometeu errores que contribuíron a agravar a situación, foron facendo previsións erradas de crecemento que esixiron despois un proceso de reconversión, ou ben incorporando empresas en dificultades ao sector público, aumentando o gasto público e a inflación.
A crise obrigou a partidos e sindicatos a acordar os Pactos da Moncloa en 1977, co obxectivo de reducir a inflación e repartir os custos da crise, baseándose en dúas liñas de actuación:
- reducir a inflación, para o que se devaluou a peseta, reduciuse o gasto público, a subida salarial e as cotas da Seguridade Social.
- desenvolver unha política de reformas: do presuposto, e a fiscalidade (creación de novos impostos como o IRPF), modernización do sistema financeiro e cambio no marco das relacións laborais.

3.3. Que é o Estado das Autonomías? Como se construíu?

O Estado das Autonomías aparece coa democracia que substituíu ao estado centralizado franquista por un estado con rexións que asumiron competencias propias, como se especifica no Titulo VIII da Constitución.

O proceso de construción dividiuse en dúas etapas: a da concesión da autonomía provisional ou preautonomía, e a da regulación do carácter das autonomías pola Constitución de 1978.

As preautonomías concedéronse entre 1977 e 1978 a través da negociación cos representantes das rexións agrupados en Asembleas de parlamentarios.

Tales preautonomías afectaron ás tres rexións con nacionalidades históricas: Cataluña, País Vasco e Galicia.

- Cataluña foi a primeira preautonomía. O goberno español negociou co presidente da Generalitat no exilio, Josep Tarradellas, quen foi presidente da reinstaurada Generalitat en 1977.
- No País Vasco foi determinante o papel do PNV e o problema de ETA. Debateuse a inclusión ou non de Navarra na nova comunidade autónoma, non levándose a cabo pola oposición dos parlamentarios navarros. O 6 de xaneiro de 1978 aprobouse un Consello Xeral Vasco.
- Galicia obtivo a súa preautonomía nos termos decididos pola propia UCD, coa negociación por parte dos parlamentarios galegos, decididos a non ceder espazo autonómico menor que nas outras dúas comunidades históricas. En marzo de 1978 creábase unha Xunta de Galicia provisional

Unha vez establecidos os tres casos históricos, procedeuse a establecer a división autonómica de todo o país, a partir do título VIII que abría a posibilidade de que todas as rexións se converteran en comunidades autónomas.

Concédense, de todas formas dous graos distintos, en función do poder que asumían as institucións propias de cada rexión:

- Polo artigo 151 da Constitución que permitía un maior grao de autonomía. Foi a lexislación que se aplicou nas comunidades históricas e Andalucía, que se acolleu ao mesmo dereito a través dun referendo.
- O resto das rexións, menos Navarra, rexeríanse polo estipulado no artigo 143 da Constitución.

Nas comunidades autónomas estableceuse un Estatuto de Autonomía que determinou as súas competencias e institucións, previa convocatoria de referendo en cada caso.